

Sinsar

“Deus eternal, pai de Xesucristo, criador de homes e mulleres, que ategaches do Sagrado Espírito a Holda e a Débora, a Ana e a María que te dinaches acetar para nai do teu fillo a unha muller, que no tabernáculo e no templo mulleres escolliches para garda das suas portas, acolle agora esta serva eiquí presente; *sinsaa* co teo Verbo divino e purificaa de toda mácula carnal e espiritual, para que che sirva decote por tua gloria perdurable, Amén.”

Este paso anda na obra de teatro *Hostia*, de don Armando Cotarelo Valledor¹. As notiñas que seguen tencionan dilucida-lo senso preciso da palabra sulñada, e tamén tantear unha proposta verbo da maneira en como puido chegar a formarse esta variante de *inzar*.

I

O autor propio decrara en nota final bibliográfica as fontes de que tirou información histórica sobre Prisciliano, e no tocante ó transcrito, recoñece ser traducido da versión latina fornecida polo abate Martigny da fórmula de sagrar diaconisas vixente no cristianismo primitivo². Esta fórmula de benzón ven nas *Constitutiones Apostolorum*, e a frase *sinsaa co teo Verbo divino* quere verquer *da ei spiritum sanctum* do latín³, posto

¹ Cuspidoño na edición de A Cruña, “Lar”, 1926, p. 25.

² Supoño que no seu dicionario de antiguedades cristiás. A versión castelán desta obra (Madrid, 1894), s.v. *diaconisas*, dá a traducción do texto grego, polo que parece aconsellado deducir que o Cotarelo empregou a versión francesa, mais non puiden comprobalo.

³ VIII. 20 (p. 525 do vol. I da edición de Funk, Paderborn, 1905): ‘Deus aeternae, pater Domini nostri Iesu Christi, creator viri ac mulieris, qui spiritu implevisti Mariam, Debboram, Annam et Holdam, qui non dedignatus es ex mulieri nasci unigenitum filium tuum, qui in tabernaculo testimonii et in templo feminas custodes sanctarum ianuarum tuarum instituisti; ipse nunc quoque respice in famulam tuam hanc, electam ad ministerium, et da ei spiritum sanctum, et munda eam ab omni inquinamento carnis et spiritus, ut opus sibi commissum perficiat condigne in gloriam tuam atque laudem Christi tui, cum quo tibi gloria atque adoratio et sancto spiritui in saecula, amen’.

Verbo no canto de *Esprito* de certo por mor da variación. O senso de *sinsaa* axeitado ó movemento lóxico da epiclesis non pode ser, a meu coidar, outro ningún senón o de 'encher', forma esta que o traductor refugou pola mesma razón que escolleu *ateigar* para traducir *implevisti* na invocación inicial: para evitar *encher*, cecais sentido por el unha miga vulgar para chantalo nun texto sagro. Non hai pois sorpresa ningunha en descubrir este verbo e significado atestiguados xa no diccionario de Cuveiro (p. 290): "*Sinsar* -llenarse copiosamente de insectos ó animales una persona, cosa ó sitio. V. *Inzar*." Cos lexicógrafos galegos mais ca unha area na zoca debe de ter Araceli Herrero Figueroa, que é ela editora do teatro histórico e mariñeiro de Cotarelo⁴, doutro xeito non se entendería o comentario que do trecho fai (n. 305): "¿Verbo *cinzar*, con seseo? A *cinza* que limpa o pecado?" Hai que lle poñer varios reparos a esta interpretación: i) Se o traductor dice que traduciu, temos de o crer ou catar logo argumentos de que fixera unha falcatruada por descoñecemento da lingua de saída e/ou entrada; ii) ¿limpa verdadeiramente a cinza os pecados?, e aínda iii), para rende-la idea que a editora sospeitou, ¿el non agardaríamos un derivado **ensinsar* (segundo a proporción *fariña-enfariñar*) mellor do que o simple? Pola miña parte, non vexo semellas de que o Cotarelo non soubera todo o latín e mailo galego precisos para traducilo texto latino de modo; de porparte, supoño tamén vencellaría cinza con arrepentimento, polo que non tería razón de asacar un desatino como "encinzaa co teu Verbo divino". Pola contra, se paramos mentes en que foi el profesor de galego-portugués e mais amador probado da lexicografía galega, pois entón non lle facemos moito favor concedéndolle que se lle ocorrira remexer no diccionario do Cuveiro (ou mesmo do Carré, que tamén recolleu a palabra, con estrelliña a notar arcaísmo). Eu para min, coido que atinou na escolla, porque un arcaísmo ou forma desadoitada canxa moi ben co carácter solemne dun texto sagro. Mais aínda, matino que a sibilante repetida suxire fonicamente algo.

II

Desbotada por manca de datos a hipótese da non existencia real na fala de *sinsar* —mais que unha palabra fantasma merecería ter, madia leva, un currunchiño de seu nunha "fantasía tráxico-histórica" sobre do Prisciliano—, razóns de semellanza externa e mais de congruencia semántica

⁴ Sada, Edicións do Castro, 1981.

enverédannos a dar por boa a indicación dos Cuveiro e Carré, de que se trata dunha variante de *inzar*⁵. Soamente hai que xustificar que o *s-*, que non ten traza de vir do prefixo latino *ex-*, procedería dunha falsa división de palabras en achego estreito, maiormente con *se* ou *-s* final precedentes. Aduro teño eu o tempero da lingua nin os coñecementos abondos para propoñer unha maneira concreta como segura; por eso creo que cabe figurar algunhas situacións lingüísticas xerminalmente capaces de rematar no desenrolo postulado: frases negativas, unha brevaranza, como “este río non *se inza* de troitas nunca” (co pronome átono vinculadamente anteposto ó verbo e despois da negación) ou afirmativas como “estes leiros están *todos inzados* de malas herbas” teoricamente poderían dar ensexo para seren falsamente segmentadas “non sinza” e “todo sinzados”, aínda que non semellan combinacións frecuentes e fixas. (Estaba un a devana-los miolos nesto, cando o profesor Antón Santamarina fíxolle caer na conta de que o composto *desinzar* acomoda mellor como xermolo de *sinsar*⁶: mal interpretado *dessinsar* sobre o modelo *desangar*.) Que tales posibilidades non son alleas á nosa lingua tampouco no caso da sibilante, pódese demostrar aducindo o exemplo do galego-asturiano *senaguas* ‘enaguas’⁷. Sinte desto, o mesmo Santamarina aseguroume que unha proposta daquela caste acorda ben coa tendencia da fala galega a empezar sílaba por consonante e evitar ataque inicial vocálico, como se ilustra nesta cántiga popular⁸:

Costureiriña melindrosa
ionde deixach’o melindro

RAMON BALTAR VELOSO
Universidade de Santiago

⁵ Sobre a etimoloxía informa Joseph M. Piel, *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*, Coimbra 1953, p. 176 n. 4.

⁶ Hai ben pouco aínda vivo segundo unha papeleta do ILGA (exemplo recollido por C. Pedreira en 1980, en Santa María (Guitiriz), dun vello de 80 anos): “Agora está desinzado de corvos e pegas”.

⁷ En B. Acebedo y Huelves - M. Fernández y Fernández, *Vocabulario del Bable de Occidente* (Archivo de Tradiciones Populares III), Madrid 1932, s.v. Apráceme agradecerlle esta e outras referencias ó profesor Pensado Tomé, de Salamanca.

⁸ Tomada de Dorothe Schubart - Antón Santamarina, *Cancioneiro Popular Galego I.ii* (Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”), La Coruña 1984, p. 41 n^o 120c.